



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

ANUNCIO MODIFICACIÓN PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA: UN VEHÍCULO CON GRÚA E DOUS TURISMOS PARA A POLICÍA LOCAL.

Pola Alcaldía Presidencia deste Concello o día da data adoptouse a seguinte resolución:

Mediante Resolución adoptada con data 23 de Outubro de 2013, prestouse aprobación ó expediente de contratación do subministro de vehículos e maquinaria: Un vehículo con grúa e dous turismos para a Policía Local, incluídos os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

Por canto o prego de prescricións técnicas, en canto ás características dos vehículos tipo B, no apartado dimensións establece unha lonxitude non superior a 4.100 mm., anchura non inferior a 1.700 mm. e unha altura non superior a 1.850 mm.

En aras a unha mellor prestación do servizo, para o que precisa unha dotación de vehículos axeitada ás funcións atribuídas á Policía Local, e considerando que as características dos mesmos resultan insuficientes para os fins ós que se destinan.

Considerando que esta modificación non afecta ó Prego de Cláusulas Administrativas particulares que foron obxecto de aprobación por Resolución desta Alcaldía o 23 de Outubro último.

En base ó que antecede, de acordo co apartado 1º da disposición adicional 2ª do TRLCSP e en virtude da avogación das atribucións en materia de contratación e no que respecta ao procedemento de contratación do subministro de referencia, efectuada por resolución de alcaldía de 23.10.2013, e demais normativa reguladora en materia de réxime local,

VEÑO EN RESOLVER:

- Modificar o Prego de Prescricións Técnicas do expediente de contratación do subministro de vehículos e maquinaria: Un vehículo con grúa e dous turismos para a Policía Local, aprobado por Resolución desta Alcaldía o 23 de Outubro de 2013 en canto ás características dos vehículos tipo B, e concretamente ás dimensións dos mesmos, quedando éstas como a seguir se indican:
Onde di:
 - ***“Dimensións: Lonxitude non superior ós 4.100 mm., anchura non inferior a 1.700 mm. E unha altura non superior a 1.850 mm.”***
Debe decir:
“Dimensións: Lonxitude non superior ós 4.500 mm., anchura non inferior a 1.700 mm. E unha altura non superior a 1.850 mm.”

DISPOÑENDO a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia ós efectos de alegacións á mesma durante o prazo de presentación de proposicións establecida no anuncio de licitación pública, e a contar dende a data de publicación do anuncio de licitación no BOP e perfil do contratante do Concello de Bueu, en tanto non crea indefensións, non afecta a terceiros, nin a elementos esenciais do contrato toda vez que aínda non foi publicado a esta data.

Esta modificación deberá terse en conta na oferta económica contida no sobre B e demais circunstancias, na medida que afecte, ó expediente de contratación.

En Bueu a 29 de Outubro de 2013

O ALCALDE,

Asdo. Félix Juncal Novas